

**DECRETO DA PRESIDENCIA: RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL**

<b>Tipo de contrato:</b> Administrativo
<b>Procedemento:</b> Contrato menor de servizos
<b>Obxecto do contrato:</b> Contratación do servizo de Axente Dinamizadora do CIM da Mancomunidade do Salnés para os concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa
<b>Código CPV:</b> 85121270-6 Servizos psiquiátricos ou psicolóxicos 98200000-5 Servizos de asesoramento sobre igualdade de oportunidades
<b>Valor estimado do contrato:</b> 13.000,00 € sen IVE

Vista a documentación que inicia o expediente de contratación:

- Memoria técnica
- Informe insuficiencia Medios
- Decreto presidencia

Observados os seguintes erros materiais:

-Na acción segunda, dentro das accións mínimas que deberá desenvolver a axente dinamizadora, onde di: *“Atención psicolóxica e intervención dinamizadora individualizada ás usuarias no concello de Meaño, 4 horas á semana”*; deberá dicir: ***“Atención psicolóxica e intervención dinamizadora individualizada ás usuarias no concello de Meaño, 5 horas á semana”***.

-Nos requisitos de formación académica/complementaria valorable para a prestación do servizo, onde di: *“formación académica/complementaria valorable para a prestación do servizo (25 puntos)”*; deberá dicir: ***“formación académica/complementaria valorable para a prestación do servizo (20 puntos)”***.

A tal efecto, esta Presidencia **RESOLVE** corrixir ditos erros na documentación arriba relacionada.

Mándao e asíno a Presidenta, do que eu, como secretaria, dou fe. En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,  
Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,  
M<sup>a</sup> Carmen Merino Moína

